

02Institucional

Actividade institucional do reitor

- Acto de celebración do Día da Universidade, con entrega de premios á excelencia no bacharelato, premios extraordinarios fin de carreira, medallas de doutoramento e premios extraordinarios de doutoramento.
- Acto de investidura como doutor Honoris Causa do profesor Michael W. Apple, un dos autores máis influíntes na educación do século XX e un dos investigadores fundamentais do movemento coñecido como “pedagogía crítica”. Celebrouse no Paraninfo e a *laudatio* correu a cargo do profesor Jurjo Torres. Aproposta foi do Departamento de Pedagogía e Didáctica e da Facultade de Ciencias da Educación.
- Relatorios programados dentro dos actos do 25 aniversario da UDC para reflexionar e debater sobre o presente e o futuro da Universidade. Participaron Federico Mayor Zaragoza, Victoria Camps, Boaventura de Sousa, Xavier Grau, Mirem Etxezarreta e Viçens Navarro.
- No exercicio das súas funcións ordinarias, o reitor presidiu a reunión mensual do Consello de Goberno e as convocatorias do Claustro. Este aprobou o Informe do Reitor de 2014 co apoio do 82% dos claustrais.
- Presentación da acreditación do Instituto de Investigacións Biomédicas da Coruña (INIBIC) como instituto de investigación sanitaria do sistema nacional de saúde, no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. A Universidade forma parte deste instituto e o reitor é o seu vicepresidente.
- Representación da UDC nos padroados de distintas fundacións (Luís Seoane, FEUGA, Enxeñaría Civil de Galicia, Río do Pozo...)
- Actos de benvinda institucional aos estudantes estranxeiros participantes no Erasmus e noutros programas de intercambio, así como aos estudantes de doutoramento.
- Sinatura de 831 convenios de colaboración, asesoramento ou prácticas con institucións públicas, entidades e empresas privadas.
- Presidencia de distintos congresos, seminarios e xornadas científicas de carácter galego, estatal ou internacional (Congreso de Pesca Sostible, Congreso de Dereito Ambiental, Talento en Crecemento, Congreso de Psicopedagogía, etcétera).
- Creación de novas aulas e cátedras en colaboración con entidades privadas, como a Cátedra de Traumatoloxía do Deporte, mediante un convenio co Hospital HM Modelo, ou a Aula Compañía de Tranvías da Coruña.
- Recepción de autoridades e representacións académicas doutros centros universitarios. Entre elas, primeira visita institucional do novo alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, que asinou no libro de honra.
- Cesión de parte do antigo colexio Calvo Sotelo da Coruña, propiedade da Deputación Provincial, para a súa reconversión como residencia universitaria pública. O reitor, o presidente da Deputación e o alcalde da Coruña asinaron un convenio, no que

o organismo provincial asume o financiamento das obras de adaptación dunha superficie de máis de 2.000 metros cadrados. A UDC asumirá os gastos de funcionamento e mantemento dos espazos cedidos, así como os gastos de persoal, moblaxe e equipamento.

- O reitor asistiu á primeira reunión de traballo da Unidade Mixta de Investigación sobre o Estaleiro 4.0, integrada pola UDC e Navantia, en Ferrol. Esta unidade forma parte do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.
- Xosé Luís Armesto presidiu o acto de constitución e presentación da Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia (CITIC). No seu padroado, xunto coa UDC, están o Concello da Coruña e empresas e colexios profesionais do sector.
- Asistencia ás reunións ordinarias da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), do Consello Galego de Universidades e da CRUSOE.
- A Universidade da Coruña encargouse de organizar o acto de apertura do curso 2015-2016, con presenza dos tres reitores galegos e do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O profesor Juan Manuel Cardesín, da Facultade de CC do Deporte, leu a lección inaugural.
- Presidencia da reunión dos xerentes e persoal de xerencia de todas as universidades españolas, nunhas xornadas organizadas pola UDC no Paraninfo.
- O reitor mantivo encontros e reunións de traballo cos conselleiros e altos cargos de Educación, de Industria e de Facenda, así como co presidente da Deputación, alcaldes da Coruña e Ferrol e outras autoridades das administracións central, autonómica e locais.
- En abril, as universidades da Coruña, Vigo e Santiago asinaron, co refrendo das consellerías de Educación e de Sanidade, un acordo para impartir docencia clínica do grao de Medicina da USC. É a primeira vez desde a creación do Sistema Universitario Galego que se consegue a colaboración entre as tres institucións académicas para impartir un grao. O acordo ten importancia tamén para reforzar os institutos de investigación dos hospitais universitarios.
- O tres de decembro convocáronse eleccións a reitor, ás que se presentaron os catedráticos Julio Abalde Alonso e Daniel Pena Agras. O censo estivo constituído por un total de 19.115 persoas, entre profesorado doutor con vinculación permanente (839), restantes categorías de PDI (688), persoal de administración e servizos (745) e estudantes (16.843). Resultou elixido o profesor Julio Abalde, catedrático de Microbioloxía da Facultade de Ciencias.

Tipo de convenio	Número
Marco	28
Específico	160
Prácticas	643
Total	831

Cadro 2.1 **Convenios asinados polo reitor en 2015**

A contía dos convenios con anualidade no ano 2015 ascendeu a **4.384.835,88 €**.

Actividade institucional en Ferrol

Campus Industrial

Xunta e UDC formalizan en xullo o acordo que dá inicio da especialización do Campus de Ferrol como Campus Industrial. A Xunta aporta, inicialmente, 100.000 euros para a elaboración do Plan Estratéxico do Campus Industrial.

Trátase dunha aposta estratéxica para dotar ao Campus de Ferrol dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas do seu contorno, cunha maior visibilidade para garantir o seu futuro e fomentar as súas posibilidades para conectar coas novas necesidades de crecemento e progreso que permitan acadar un recoñecemento internacional. Deste xeito, comezaron as reunións para elaborar o Plan Estratéxico e o programa de necesidades do Campus Industrial de Ferrol.

Cafetería Campus de Ferrol (Esteiro)

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a convocatoria dun concurso de proxectos para o impulso do emprendemento.

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade social, levou a cabo a novidosa iniciativa de transformar a súa cafetería universitaria nun viveiro de empresas do sector da hostalería para favorecer o emprendemento e a creación de emprego.

A concesión da cafetería do Campus de Ferrol a principios de xullo de 2015, é o premio dun concurso de proxectos de emprendemento convocado pola Universidade da Coruña co apoio da Xunta de Galicia e que convertiu o local hostaleiro do campus nun viveiro empresarial para o sector.

25 aniversario

O Auditorio de Ferrol foi o escenario elixido para celebrar o Concerto do 25 aniversario da Universidade

da Coruña que tivo lugar o 21 de maio. Actuou a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra Xoven, guiadas polo seu director titular Dima Slobodeniouk e coa interpretación da soprano Barbara Hannigan.

Premios de investigación 2015

A Universidade da Coruña xestiona, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a convocatoria, conxunta co Concello de Ferrol, de dous premios de investigación. En 2015 outoráronse os seguintes galardóns:

- IX Premio de Investigación “Antonio Usero” da área de Ciencias da Saúde ao traballo “Prototipado de scaffolds nanoestructurados para rexeneración ósea”. Investigador principal: Carlos Alberto García González
- IX Premio de Investigación “Enxeñeiro Comerma” da área de Enxeñaría Industrial ao traballo
- “Novos sensores sen contacto baseados en metamateriais electromagnéticos para o control da orientación de satélites”. Investigador principal: Juan Fernando Martín Antolín

Cátedra Jorge Juan

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, e a Armada xestionan de xeito conxunto as actividades que vén desenvolvendo nos últimos anos a Cátedra Jorge Juan. Cada ano, de xeito alterno, correspóndelle a una ou outra institución designar un director.

Ata o 14 de xullo do 2015 exerceu a dirección o capitán de Navío D. Manuel María Romasanta Pavón. A partir desta data toma o cargo a profesora da UDC, D^a. M^a. Carmen Ramírez Gómez.

Cursos, talleres, xornadas

No verán do 2015 desenvolveuse no Campus de Ferrol un taller tecnolóxico destinado a mozos/as de 9 a 16 anos con interese pola ciencia e a tecno-

loxía. Tamén se desenvolveu en setembro o curso “Oriéntate e planifica o teu futuro”, sobre orientación laboral, coaching, emprendemento e recursos humanos.


Como en anos anteriores, o Club de Prensa de Ferrol organizou, no mes de xullo, o Curso Carlos Gurméndez, coa colaboración entre outras entidades da Universidade da Coruña, a través Vicerreitoría de Ferrol.

Por último, o Campus de Ferrol acolleu unha xornada técnica sobre emprendemento industrial que, organizada conxuntamente polo Ministerio de Industria, a través da Digipyme e a Escola de Organización Industrial (EOI), e a Consellería de Economía, Empleo e Industria, a través do Igape, tivo como obxectivo facilitar aos emprendedores información completa sobre os servizos e os recursos á súa disposición para avaliar as ideas e iniciativas empresariais.

First Lego League

O 28 de febreiro de 2015 desenvolveuse no Campus de Ferrol o Torneo Lego League. Foi posible grazas ao convenio de colaboración, promovido pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e asinado entre a UDC e a Fundación Scientia; así como a posterior organización da actividade realizada polo Grupo Integrado de Enxeñaría a Escola Universitaria Politécnica, a Escola Politécnica Superior e a Facultade de Informática. Este torneo foi realizado por outras universidades españolas (entre outras moitas nacionalidades) desde o ano 2006 e esta foi a primeira vez que se fixo nunha universidade galega.

O obxectivo do programa First Lego League non é outro que lle desvelar aos nenos a diversión e a emoción da ciencia e a tecnoloxía, para desenvolver as súas habilidades no traballo en equipo e estimular o uso da creatividade para resolver problemas.



Comunicación

- Organización de roldas de prensa e comparecencias públicas.
- Selección e elaboración do resumo de prensa diario.
- Redacción de 380 notas de prensa enviadas a medios de comunicación, en moitos casos con fotografías dos actos. Estas notas de prensa subíronse na páxina web corporativa ademais de nos lugares de Facebook e Twitter institucionais.
- En Facebook, a páxina da UDC acadou os 15.127 “gústame”, cun aumento de 1.404 sobre o ano anterior. Conseguiuse un alcance das publicacións con picos de máis de 21.000 visualizacións, o que supón un incremento de preto de 10.000 visualizacións.
- En Twitter, a conta da UDC ten 23.417 seguidores, 4.848 novos seguidores con respecto ao ano anterior. Publicáronse neste período 1.781 chíos (501 máis que o ano anterior) ata alcanzar os 8.127.
- En Instagram, a UDC conta con 515 seguidores, 157 novos, con 256 fotos publicadas en total das que 105 foron no ano 2015.
- A UDC está no Top das universidades máis influentes nas redes sociais en España, primeira en Galicia, segundo a listaxe de Klout de Influencers en España con 58 puntos, situándose na posición 49 de cen entidades e persoas de máis relevancia no sector universitario.
- Producción e coordinación de programas de radio e espazos en Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.
- Coprodución do espazo “La Universidad responde” xunto con outras 25 universidades españolas. A UDC produciu 10 vídeos de divulgación científica. Este é un proxecto da Comisión de Comunicación da CRUE, da que a UDC formou parte como vocal da executiva.
- Coordinación do ciclo de conferencias “A universidade pública posible” realizado polo 25 aniversario da UDC.

Marketing

- Campaña de publicidade on line da Universidade da Coruña coa inserción de banner en La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, La Opinión e Diario de Ferrol durante os meses de abril, maio e xuño. En La Voz de Galicia o banner tivo un número de impresións de 15.560.533 con 8.873 clics na páxina web da UDC.
- Campaña de publicidade do 25 aniversario da UDC con insercións nos xornais La Voz de Galicia, La Opinión, Diario de Ferrol e El Ideal Gallego.
- Campaña de publicidade directa da Universidade da Coruña co reparto de tarxetas promocionais das súas titulacións entre estudantes que realizan as Probas de Acceso á Universidade nos campus da Coruña e Ferrol. Editáronse 8.500 tarxetas que se distribuíron os días 10 e 11 de xuño.
- Coordinación da páxina web do 25 aniversario da UDC.

Responsabilidade social

Igualdade de Xénero

- A Oficina de Igualdade de Xénero organizou varios cursos sobre igualdade e violencia de xénero, sobre políticas de igualdade (formación para PAS), sobre a perspectiva de xénero na docencia (para PDI) e outros específicos dirixidos ao alumnado da Coruña e de Ferrol.
- Actos institucionales de conmemoración. Cebra- ción 8 de marzo. Acto institucional na Facultade de Ciencias do Deporte. Conferencia de Mercé Barrientos: Mulleres e Olimpismo. Celebración do 25 de novembro. Acto institucional na Facultade de Ciencias do Traballo.
- Exposicións. III Edición da exposición “Mulleres nas bibliotecas da UDC”. Exposición “Mujer y Ciencia: 13 Nombres para cambiar el Mundo” (Pa- villon de Estudiantes) e “Con A de Astrónomas”. (Campus de Ferrol).
- En colaboración con outras universidades e insti- tucións, a UDC participou na organización das III Xornada Universitaria Galega en Xénero, das Xor- nadas Municipais de Educación e da Semana Anita Borg, así como no curso de verán sobre “Usos do tempo e vida sostible”.
- Igualmente, a Oficina de Igualdade de Xénero asistiu a encontros e xornadas e participou na ela- boración de materiais didácticos e de visualización das mulleres, como unha wiki en galego sobre mulleres destacadas no eido das tecnoloxías da información e no proxecto de adscrición da UDC á Rede Española de Universidades Saudables.
- Concursos: III edición do concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Angeles Alvariño e a III edición do concurso de fotografía Rosalind Franklin.

Centro de Estudos de Xénero e Feministas

- **III Curso de Historia de la Teoría Feminista** tivo lugar entre o 5 de outubro de 2015 e o 21 de dec- embro de 2015. Formación e adquisición de coñe- cimentos sobre materia de xénero e feminismo.
- **I Feminario**. 20 de febreiro de 2015. Xornada des- tinada a acadar un diálogo entre a investigación académica e as perspectivas que teñen os colecti- vos feministas na cidade.

UDC Campus Saudable

A Universidade da Coruña integrouse en xaneiro de 2015 na Rede Española de Universidades Saudables (REUS). Desde entóns promovéronse moitas activi- dades de sensibilización coa Facultade de Ciencias da Saúde e coa Oficina de Medio Ambiente.

A listaxe de accións inclúe conferencias sobre a cien- cia e a saúde, sobre alimentación saudable, xornadas de promoción da saúde, limpeza da praia de Oza ou un curso de compostaxe, entre outras actividades.

Por primeira vez en España celebrouse o Día das Uni- versidades Saudables, o 7 de outubro. A UDC des- envolveu a súa programación ao longo dunha semana e a partir da xornada “Avances en Nutrición, Saúde e Estilos de Vida no Século XXI”, organizado pola Academia Española de Nutrición e polo Instituto de Ciencias da Saúde.

Programáronse mesas redondas e conferencias para presentar o Campus UDC Universidade Saudable en- tre a comunidade universitaria. Colaboraron a Faculta- de de Ciencias da Saúde, a Facultade de Enfermería e Podoloxía de Ferrol e a Oficina de Medio Ambiente.

Punto de atención QUEROTE+ na UDC

Asinouse un convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Universidade

da Coruña para o establecemento do marco de colaboración para a posta en funcionamento dun punto de atención Quérote+ na UDC. Os centros Quérote+ son un servizo público de información e asesoramento para a mocidade.

A poboación universitaria non deixa de ter dúbidas e dificultades vinculadas ás temáticas que se abordan dende estes centros (autoestima, imaxe corporal, sexualidade, consumo de substancias e convivencia en espazos físicos e virtuais).


Recoñecendo esta realidade, a Universidade da Coruña e os Centros Quérote+ asinaron un convenio co obxecto de lle achegar este servizo á mocidade universitaria, instalando un punto de atención no propio espazo universitario para o asesoramento

individual nas consultas relacionadas con estes temas.

O Punto de Atención Quérote+ funciona os mércores pola tarde, en horario de 17.00 - 19.00 horas, axustándose ao calendario académico. A ubicación do Punto Q+ será no CUR (Centro Universitario de Riazor). A mocidade pode achegarse a consultar as súas dúbidas e resolver as súas dificultades de forma anónima, confidencial e de balde.

Atención á diversidade

Durante o curso académico 2014-2015 houbo 113 persoas (62 mulleres e 51 homes) que disfrutaron da exención de taxas por discapacidade na UDC, o que representou un importe total de 86.330,58 € bonificados nas matrículas.



Cadro 2.2 Solicitudes de servizos por persoas que demandan exención de taxas por discapacidade

Dos 27 usuarios que este ano solicitaron algún apoio dentro da Unidade de Atención á Diversidade, 15 son homes e 12 son mulleres.

En transporte adaptado, asistencia persoal e intérprete de lingua de signos investíronse un total de 73.385,76 € (30.150,90 € en transporte, 39.197 € en asistencia e 4.037,84 € en intérpretes).

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
N.º de bolsas	27	13	16	12	13	13	13
Importe total	29.160	14.000	17.232	12.924	14.001	14.001	14.001

Cadro 2.3 Evolución das bolsas da UDC para alumnado con discapacidade

- A unidade colabora, nun esforzo conxunto da vicerreitoría en colaboración co Consello Social e a Fundación Universidade da Coruña, en Espazo Compartido, un programa universitario de formación sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva.
- Rede UDC-U (UDC Universal). Dentro do Plan de Acción Titorial da UDC, cada centro establece un titor/a específico para o alumando con diversidade funcional ou necesidades educativas específicas e que está en contacto directo coa ADI.
- **Campus Saudable.** A ADI forma parte do equipo de traballo que fixo posible o ingreso da UDC na **Rede Española de Universidades Saudables (REUS)**.
- Unha das iniciativas máis importantes da unidade é establecer un programa de prácticas que conecte a alumnado de distintas titulacións en temas relacionados coa diversidade.
- Dentro da Aula de Formación en Diversidade realizáronse as Xornadas *UDC #SenEtiquetas* para a sensibilización da comunidade universitaria.

Facultade	Total
Facultade de Ciencias da Saúde	5
Facultade de Ciencias da Educación	4
Facultade de Ciencias da Comunicación	1
Programa Espazo Compartido	2

Cadro 2.4 Estudantado en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade

